
CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS E RÉXIME INTERNO PARA O TRABALLO NA PLATAFORMA TECNOLÓXICA AUDIOVISUAL GALEGA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	2
ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN PROVISIONAL	3
FORMA XURÍDICA	4
ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN	5
Asemblea Xeral	6
Comité Xestor	9
Secretaría Técnica.....	12
Unidade de Apoio á I+D+I	13
Grupos de traballo	14
Observadores	16

INTRODUCCIÓN

Este documento serve de código de funcionamento da Plataforma Tecnológica Audiovisual Galega (i+dea). Responde así ao obxectivo básico de crear e consolidar un foro aberto de traballo e colaboración entre os actores do sector tecnolóxico audiovisual presentes na Comunidade Autónoma, no que se favoreza a formación de grupos de excelencia e coordinación científico-técnica en temas de I+D+I claves para o futuro deste tecido empresarial.

A Plataforma Tecnológica Audiovisual Galega está liderada por empresas activas no ámbito da I+D+I. Para que sexa eficaz é tamén esencial a contribución e participación efectiva das organizacións con oferta ou capacidades científicas e tecnolóxicas de interese para a industria audiovisual en Galicia (universidades, organismos públicos de investigación, centros tecnolóxicos,...). De igual xeito, convén implicar a outras entidades comprometidas co progreso tecnolóxico e coa innovación deste sector, como son os xestores das políticas e programas de axuda, as entidades financeiras, os organismos reguladores, os grupos de usuarios, etc.

Consecuencia de todo o anterior, a Plataforma Tecnológica Audiovisual Galega xurde como unha agrupación transparente, flexible e viva, que está aberta á participación de calquera empresa ou institución que amose o seu interese en contribuír de maneira positiva aos traballos que nela se promoven, de conformidade cos procesos de inscrición e intervención aprobados pola Asemblea Xeral.

Co obxecto de lograr a máxima participación e visibilidade, a Secretaría Técnica levará a cabo unha intensa actividade de promoción sobre os fitos perseguidos pola Plataforma Tecnológica Audiovisual Galega, así como sobre as tarefas que se leven a cabo no seu marco, a estrutura e funcionamento dos seus grupos de traballo, os mecanismos de adhesión e colaboración, etc.

ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN PROVISIONAL

O Clúster Audiovisual Galego, a través da súa Xerencia, é a entidade responsable de xestionar a Secretaría Técnica da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega (i+dea), asumindo desta maneira o seu papel de promotor. Polo tanto, a súa misión é promover todas as tarefas conceptuais, técnicas e administrativas, necesarias para a constitución e funcionamento óptimo desta agrupación. Con este obxectivo o Clúster dispón da asistencia dunha consultora especializada na xeración de dinámicas de innovación.

Ata a celebración das primeiras eleccións do Comité Xestor, a coordinación e supervisión dos traballos desenvolvidos pola Secretaría Técnica recaen nun órgano reitor de carácter provisional denominado Comité de Dirección.

O liderado do Comité de Dirección corresponde á Presidencia do Clúster Audiovisual Galego xunto coas empresas asociadas chamadas a exercer un efecto tractor no desenvolvemento das tecnoloxías audiovisuais en rede na Comunidade Autónoma, e que, con esta vontade, ratificaron o seu compromiso coa posta en marcha da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega. Neste órgano tamén esta presente a Dirección Xeral de I+D+I en calidade de entidade financiadora.

A composición deste Comité de Dirección é a seguinte:

- Antón Reixa.
Presidente do Clúster Audiovisual Galego e do Grupo Filmanova.
- José Manuel Rey-Cabarcos Vázquez.
Director de Producción e Xestión de Medios de Televisión de Galicia.
- Francisco Rodeiro Marta¹.
Director de Planificación e Desenvolvemento de Negocio de R.
- Francisco Javier Mendoza Teijeiro.
Xerente de Sistemas Audiovisuais e Multimedia de Tecnom.
- Carlos Carballo Varela.
Director do Área Audiovisual da Corporación Voz.
- Félix Díaz Hermida.
Asesor Técnico do Plan IN.CI.TE.
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Pola súa banda, o conxunto de empresas e institucións que manifestaron á Secretaría Técnica a súa vontade de participar na Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega, achegando os datos recollidos nos formularios de adhesión deseñados ao efecto, terán a consideración provisional de membros ata a súa ratificación definitiva pola primeira Asemblea Xeral.

¹ Na súa ausencia: Antonio Rodríguez del Corral, Xerente de Desenvolvemento de Negocio de R.


FORMA XURÍDICA

Inicialmente, a Plataforma Tecnológica Audiovisual Galega (i+dea) constitúese como unha agrupación voluntaria sen personalidade xurídica propia, promovida pola industria do sector na Comunidade Autónoma co apoio da Dirección Xeral de I+D+I (Consellería de Innovación e Industria), na que participan empresas, institucións e organismos diversos que comparten o interese de lograr un maior esforzo de I+D+I con impacto neste complexo productivo.

O Clúster Audiovisual Galego, como ente responsable da Secretaría Técnica, será o encargado de solicitar, xestionar e xustificar as axudas que reciba esta plataforma tecnolóxica para o seu funcionamento e consolidación, de acordo coas directrices que reciba do Comité Xestor. Pola súa banda, os proxectos e actividades puntuais que xurdan ao abeiro dos grupos de traballo serán responsabilidade dos seus líderes.

ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

A estrutura de operación e funcionamento da Plataforma Tecnológica Audiovisual Galega (i+dea) indícase na gráfica seguinte:



A continuación detállanse as funcións encomendadas a cada un destes órganos:

ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral é o órgano principal da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega, sendo a encargada de validar a estrutura de operación e funcionamento desta agrupación e os documentos de referencia aplicables (ademais doutros asuntos importantes da súa competencia). Na mesma están representados todos os membros, cada un con un voto.

A Asemblea Xeral será un órgano constituído para cada reunión, non tendo carácter permanente.

MEMBROS

A condición de membro aplícase a cada empresa ou institución, con personalidade xurídica propia, para a que, unha vez cumpridos cos requisitos de inscrición, o Comité Xestor teña aprobado o seu ingreso.

A solicitude de adhesión deberá realizarse por escrito perante a Secretaría Técnica, achegando os datos requiridos no formulario e no escrito deseñados ao efecto (accesibles na web), xunto co logotipo en formato vectorial da organización.

En ningún caso a pertenza á Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega suporá unha vinculación contractual. Así mesmo, non se remunerarán de ningunha maneira as contribucións que se fagan a mesma, en tanto que o fin que se persegue con esta agrupación é puramente o fomento da I+D+I sectorial. Enténdese, polo tanto, que o beneficio redunda no crecemento e progreso daqueles que integran a plataforma de maneira directa e global.

Os membros poderán darse de baixa da plataforma tecnolóxica en calquera momento, sendo necesario que expresen a súa intención mediante comunicación escrita dirixida ao Comité Xestor. A baixa terá como data efectiva a data de recepción da solicitude na Secretaría Técnica.

Pola súa banda, o Comité Xestor poderá propoñer á Asemblea Xeral a baixa definitiva dun membro cando se perciba que a súa participación na plataforma tecnolóxica é nula e, ademais, non actúe de boa fe con relación ás informacións e actuacións estratéxicas que nela se promoven. Ata ese momento a baixa do membro terá un carácter provisional, aínda que efectivo dende a data de recepción da comunicación escrita coa proposta do Comité Xestor polo membro expulsado.

REUNIÓNS

A Asemblea Xeral poderá ser convocada en sesións ordinarias e extraordinarias.

A Asemblea Xeral Ordinaria será convocada necesariamente unha vez ao ano, dentro do cuadrimestre seguinte ao peche do exercicio.

A Asemblea Xeral Extraordinaria será convocada por Acordo do Comité Xestor cantas veces este o xulgue necesario. Así mesmo, o Comité Xestor estará obrigado a convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria cando así o solicite, cando menos, o 20% dos membros da plataforma. Esta solicitude deberá realizarse mediante escrito asinado por todos os solicitantes no que se faga constar de maneira clara os asuntos que se propoñen tratar.

A convocatoria, tanto de sesións ordinarias como extraordinarias, faranse por correo electrónico, cando menos con quince días naturais de antelación, sinalando o lugar, data e hora, na que terá lugar a reunión en primeira e segunda convocatoria, debendo constar a orde do día con todos os asuntos que se van a tratar.

A Asemblea Xeral considerárase validamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran, presentes ou representados, polo menos, o metade mais un dos membros adheridos, e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de membros presentes ou representados que houbese, unha vez transcorrida media hora desde a fixada para a primeira convocatoria.

A Asemblea Xeral será presidida e moderada polo presidente do Comité Xestor, ou no seu defecto polo vicepresidente ou vogal deste órgano en quen delegue, e mailo secretario.

A efectos de representación, esta deberá facerse constar por escrito no modelo facilitado pola Secretaría Técnica da plataforma tecnolóxica, mencionando na mesma a Asemblea para a que se outorga. A delegación, asinada polo membro que outorga este poder, deberá obrar na Secretaría Técnica cun mínimo de trinta e seis horas de antelación á hora indicada para a súa celebración en primeira convocatoria.

ACORDOS

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse polo voto favorable da maioría simple dos membros presentes ou representados.

Os membros do Comité Xestor e os líderes dos proxectos xestionados ao abeiro dun consorcio da plataforma terán un voto adicional na Asemblea Xeral.

Exceptúanse da regra anterior os acordos relativos a temas de especial relevancia como son os relativos á modificación da normativa interna da plataforma tecnolóxica, así como á transformación ou disolución desta agrupación. Para estes será preciso acadar unha maioría cualificada de dous tercios dos membros presentes ou representados.

Os acordos aos que se cheguen en Asemblea Xeral faranse constar na acta que levantará o secretario. A mesma estará asinada por este e o presidente. En ningún caso poderán adoptarse acordos sobre asuntos que non figuren expresamente na orde do día.

Todos os membros, incluso os disidentes e os que non participasen na reunión, ou se abstivesen de votar, quedarán sometidos aos acordos que sexan adoptados validamente en Asemblea Xeral.

COMPETENCIAS

As competencias básicas da Asemblea Xeral Ordinaria son:

- ➔ Definición estratéxica da plataforma tecnolóxica e aprobación dos documentos de referencia.
- ➔ Elección democrática dos membros do Comité Xestor.
- ➔ Aprobación da memoria de actividade do exercicio anterior.
- ➔ Aprobación do plan de traballo para o exercicio en curso.

A excepción das relacionadas para a Asemblea Xeral Ordinaria, poderán ser competencia da Asemblea Xeral Extraordinaria calquera outra que consten na orde de día, e dun xeito especial:

- Modificacións da normativa interna da plataforma tecnolóxica.
- Disolución da plataforma tecnolóxica.
- Ratificación dos novos membros do Comité Xestor designados para cubrir unha vacante.
- Ratificación dos grupos de traballo públicos.
- Disolución dun grupo de traballo, baixo proposta do Comité Xestor, cando estime que está inactivo ou incumprindo cos obxectivos da súa creación.
- Expulsión dalgún membro da plataforma, baixo proposta do Comité Xestor, cando estime que non actúa de boa fe en relación coas informacións e actuacións estratéxicas que nela se manexan.

COMITÉ XESTOR

O Comité Xestor é órgano reitor da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega, polo que está encargado de velar polo cumprimento dos fins desta agrupación, dando conta a Asemblea Xeral, tanto da realización dos acordos adoptados coma das decisións adoptadas no cumprimento do seu contido.

Así mesmo, será o que leve a cabo a representación permanente da plataforma tecnolóxica.

COMPOSICIÓN

O Comité Xestor estará formado por entre 6 e 9 persoas físicas, representantes de membros da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega. Cada empresa ou institución participante só poderá ter un representante no Comité Xestor.

A estrutura inicialmente prevista para este Comité Xestor é a seguinte:

- 1 presidente.
- 1 vicepresidente.
- 1 secretario.
- 3 – 6 vogais.

O responsable da Secretaría Técnica da plataforma será o secretario do Comité Xestor. Así mesmo, un dos vogais será o representante do departamento ou organismo da Xunta de Galicia que ostente as competencias en materia de I+D+I aplicada á industria.

ELECCIÓN E CESE DOS MEMBROS

Os membros do Comité Xestor deberán ser nomeados pola Asemblea Xeral Ordinaria da plataforma. As candidaturas presentaranse por escrito perante a Secretaría Técnica durante os 15 días seguintes á convocatoria de eleccións polos membros que reúnan os requisitos establecidos.

Nunha mesma candidatura non poderán formar parte dúas persoas pertencentes á mesma entidade ou institución. As candidaturas presentadas deberán buscar a máis ampla representatividade sectorial dos interesados na Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega.

Para formar parte do Comité Xestor será requisito imprescindible amosar unha dinámica activa no desenvolvemento das actividades da plataforma.

O condición de membro do Comité Xestor será por dous anos, se ben poderá perdese antes de que finalice este prazo polas seguintes razóns:

- Renuncia.
- Falecemento ou declaración legal de incapacidade.
- Por decisión da Asemblea Xeral por incumprimento das súas obrigas.
- Por revogación da designación por parte do membro ao que representa.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros do Comité Xestor serán cubertas de maneira provisional por decisión dos membros activos deste órgano. A ratificación dos novos membros corresponderá á Asemblea Xeral e deberá adoptarse na primeira sesión que esta celebre tras as baixas entre as candidaturas presentadas.

FUNCIÓNS DOS MEMBROS

O presidente

O presidente será o que representa á Plataforma Tecnológica Audiovisual Galega ante toda clase de organismos públicos e privados.

Así mesmo, o presidente será a persoa que convoque, presida e levante as sesións da Asemblea Xeral e do Comité Xestor, así como a dirección das deliberacións durante o transcurso das reunións. Tamén será o encargado de autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia oficial da plataforma.

En caso extraordinario ou cando resulte necesario, o presidente será quen adopte calquera medida urgente para asegurar a boa marcha da plataforma, sen prexuízo das contas que posteriormente dará á Asemblea Xeral.

O vicepresidente

O vicepresidente cumprirá coas funcións que lle sexan asignadas polo Comité Xestor.

En especial, o vicepresidente será o encargado de substituír ao presidente en todas as súas funcións, en caso de ausencia do mesmo.

O Secretario

O secretario do Comité Xestor será o responsable da Secretaría Técnica.

O secretario terá entre as súas funcións:

- Levantar acta das reunións da Asemblea Xeral e do Comité Xestor.
- Remitir aos membros que o soliciten copia das actas das reunións e dos acordos nelas adoptados pola Asemblea Xeral ou polo Comité Xestor.
- Xestionar o rexistro de membros e grupos de traballo da plataforma.
- Custodiar a documentación da plataforma.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas.

O secretario poderá designar un vicesecretario, quen poderá asistir ás reunións no seu nome.

Os vogais

Os vogais do Comité Xestor terán as obrigas propias do seu cargo e, en especial, o fomento da creación e seguimento dos grupos de traballo da plataforma.

REUNIÓN

O Comité Xestor deberá reunirse como mínimo unha vez cada dous meses.

Ademais, este Comité Xestor poderá reunirse todas as veces que sexan necesarias para garantir o bo funcionamento da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega, ben por iniciativa do presidente ou ben por iniciativa de tres ou máis membros do mesmo perante a Secretaría Técnica.

Non será necesaria a convocatoria previa se todos os membros do Comité Xestor están presentes.

ACORDOS

Os acordos que sexan tomados no seo do Comité Xestor adoptaranse por maioría simple dos seus membros e en caso de empate será o presidente o que teña voto de calidade.

COMPETENCIAS

Son competencias do Comité Xestor:

- Propoñer a definición estratéxica e o regulamento interno polo que se rexerá a plataforma.
- Executar os acordos das Asemblea Xerais e dirixir as actuacións da plataforma.
- Convocar Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, redactando, cando así proceda, a orde do día e a convocatoria de cada unha delas.
- Resolver sobre a solicitude de ingreso de novos membros e a súa baixa.
- Fomentar a participación e a colaboración entre os membros da plataforma.
- Aprobar a creación de grupos de traballo.
- En caso de necesidade, substituír os coordinadores dos grupos de traballo público.
- Seguimento e coordinación das actividades e proxectos que estean a realizar os diferentes grupos de traballo.
- Propoñer a Asemblea Xeral a disolución dun grupo de traballo cando estime que está inactivo ou incumprindo os obxectivos da súa creación.
- Dar a coñecer á opinión pública os documentos resultantes dos traballos levados a cabo ao abeiro da plataforma.
- Informar a Asemblea xeral das actividades desenvolvidas, os novos membros admitidos, os novos grupos de traballo creados e os resultados obtidos.
- Aquelas outras que lle delegue a Asemblea Xeral, que nunca poderán ser as referentes ás competencias da Asemblea Xeral Ordinaria.

O Comité Xestor terá capacidade para delegar funcións e autorizar actividades que lle son propias en favor da Secretaría Técnica.

SECRETARÍA TÉCNICA

A misión da Secretaría Técnica é proporcionar soporte administrativo, loxístico e técnico, aos demais órganos que compoñen a estrutura da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega. Con este propósito é a encargada de xestionar as tarefas diarias que leva consigo a posta en marcha e funcionamento desta agrupación.

Ao fronte da Secretaría Técnica estará un secretario, que será o responsable das súas actividades. Este secretario forma parte do Comité Xestor da plataforma.

A Secretaría Técnica apóiase inicialmente na infraestrutura do Clúster Audiovisual Galego, na súa calidade de promotor da plataforma. Para o desenvolvemento desta función o clúster poderá buscar a asistencia técnica de expertos, empresas e organismos con acreditada experiencia en dinámicas de innovación ou nas tecnoloxías prioritarias para o sector.

FUNCIONS

Ademais das xa citadas para o secretario do Comité Xestor, son atribucións da Secretaría Técnica as seguintes:

- A dirección, inspección e coordinación de todas as actividades da plataforma.
- Manter actualizadas as bases de datos da plataforma.
- Manter en funcionamento os canles de comunicación da plataforma.
- Manter un rexistro das comunicacións de entrada e saída da plataforma.
- Informar ao Comité Xestor da xestión dos fondos destinados ao soporte da plataforma.
- Convocar reunións de traballo, baixo indicación do Comité Xestor, do presidente ou dos coordinadores dos grupos de traballo, e levantar actas das mesmas.
- Apoiar aos grupos de traballo da plataforma que así o soliciten.
- Estimular a incorporación de novos membros á plataforma.
- Identificar e promover oportunidades de proxectos cooperativos de I+D+I.
- Colaborar cos membros da plataforma na busca de socios para as súas propostas e facilitar a formación de consorcios.
- Consolidar a participación na plataforma nacional eNEM e na plataforma europea NEM.
- Establecer contactos coas outras plataformas tecnolóxicas galegas e con plataformas sectoriais xurdidas no Estado español, cara a promover actuacións e proxectos en cooperación.
- Cantas funcións lle confíe o Comité Xestor.

A Secretaría Técnica velará porque o traballo da plataforma se leve a cabo de maneira aberta e transparente, permitindo que calquera membro poida facer chegar as súas suxestións, contribucións,

ideas ou propostas, co único requisito que sexan emitidas cun enfoque constructivo.

UNIDADE DE APOIO Á I+D+I

Baixo a dirección da Secretaría Técnica habilitarase unha Unidade de Apoio que terá por obxecto primordial dar soporte técnico aos proxectos de I+D+I que xurdan ao abeiro da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega.

Esta unidade xogará un papel activo na dimanización da industria audiovisual cara á formación de consorcios singulares e estratéxicos para o desenvolvemento de proxectos susceptibles de participar con éxito nos programas públicos de financiamento á I+D+I.

SERVIZOS

A asistencia que ofrece a Unidade de Apoio á I+D+I concrétase nas seguintes actividades:

- Información sobre fontes de financiamento existentes para o desenvolvemento de proxectos de I+D+I (por exemplo: IN.CI.TE, PROFIT, CDTI, AVANZA, PROGRAMA MARCO, EUREKA, IBEROEKA, etc.).
- Asesoramento técnico na definición dos proxectos de I+D+I e na redacción de propostas para axudas e programas públicos.
- Identificación de socios científicos, tecnolóxicos ou empresariais con capacidade para colaborar nas accións que a empresa non aborde internamente. Apoio á formación de consorcios.
- Seguimento das propostas presentadas para o seu financiamento público.
- Alertas informativas, aprendizaxe, etc.

As características básicas desta unidade serán a súa orientación práctica, o trato adaptado ás necesidades e intereses dos grupos de traballo da plataforma, a experiencia e alta cualificación dos expertos en deseño e formulación de proxectos de I+D+I, así como o amplo coñecemento das oportunidades tecnolóxicas e de innovación aplicables ao sector audiovisual.

GRUPOS DE TRABAJO

Os grupos de traballo configúranse como polos de colaboración estable cara á xestión de proxectos ou actividades de I+D+i nos temas clave para a industria audiovisual galega. Así mesmo, outra finalidade destes grupos é tomar parte activa no desenvolvemento e actualización das prioridades da Axenda Estratéxica de Innovación do sector nas súas áreas de especialización.

TIPOLOXÍA

Ao abeiro da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega poderán promoverse dous tipos de grupos de traballos: públicos e privados.

Os grupos públicos teñen como misión realizar tarefas que faciliten a consecución dos obxectivos de plataforma tecnolóxica, e, polo tanto, aportan valor a todos os seus membros.

Estes grupos crearanse a proposta do Comité Xestor ou do 20% dos membros da Asemblea Xeral; e, como seu propio nome indica, poderán apuntarse neles os membros que sexan afíns aos seus traballos.

Os grupos privados teñen como función principal servir á definición de consorcios para idear e xestionar proxectos de I+D+i colaborativos. Calquera membro da plataforma con dereito a voto pode solicitar a creación dun grupo deste tipo, sempre que reúna un mínimo de tres membros da plataforma, dous deles empresas, e dispoña, cando menos, dun proxecto concreto. Este proxecto deberá ter sido presentado en algún dos grupos de traballo públicos da plataforma.

Os proxectos de I+D+i que cumpran con estes dous requisitos, e estean en sintonía coas prioridades da Axenda Estratéxica da plataforma, poderán solicitar a concesión do selo básico i+dea.

ACTIVACIÓN E CESE

A solicitude de creación dun grupo de traballo dentro da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega deberá formularse por escrito ante a Secretaría Técnica. No documento deberá indicarse con claridade:

- Contexto.
- Líder e representante do grupo.
- Composición.
- Organización.
- Actividades.

A solicitude será examinada e contestada polo Comité Xestor na primeira reunión a partir da data de presentación da solicitude. De aprobarse a creación do grupo de traballo, este comité designará un

vogal ou experto para levar a cabo o seu seguimento e coordinación en relación coas demais actividades da plataforma.

A creación dun grupo de traballo poderá ser rexeitada ou o grupo cancelado se:

- Non especifica con claridade as actividades ou proxectos previstos (no seu comezo ou unha vez concluídos os existentes).
- Non mantén actividade durante mais de 5 meses continuados.
- Non informa das súas actividades.

A priori, non hai límites ao número de grupos de traballo que poden existir dentro da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega.

ORGANIZACIÓN

O traballo nos grupos lévase a cabo mediante a coordinación da entidade líder e do vogal ou experto nomeado para tal fin polo Comité de Dirección. Ambos encárganse de recadar as contribucións voluntarias de todos os interesados, así como de integrar e promover a discusión aberta das mesmas, ata alcanzar o consenso ou, cando fose necesario, a maioría dos presentes nunha determinada discusión.

O resultado do traballo realizado polos grupos é considerado e aprobado polo Comité Xestor, quen o propón para apoio e aprobación á Asemblea Xeral. Esta é a encargada de aprobar o documento final.

Os grupos de traballo deberán autofinanciarse. Os gastos deben ser sempre adscritos á proxectos ou actividades concretas dentro do grupo.

O seus líderes son os responsables de levar a cabo a contabilidade das iniciativas promovidas, e só deben dar conta á Secretaría Técnica en caso de recepción de fondos a través da plataforma tecnolóxica.

OBSERVADORES

Grupo de representantes da Administración Autonómica galega e da Administración Xeral do Estado que sexan xestores de políticas, programas e normas con impacto na actividade de I+D+I do sector audiovisual galego (C. Innovación e Industria, C. Cultura e Deporte, D.X. Comunicación Audiovisual, IGAPE, MITyC, MEC, CDTI,...). Estes representantes poderán optar a ocupar calquera cargo do Comité Xestor da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega cun límite máximo de 2 membros.

Tamén poderán formar parte deste grupo os representantes doutras plataformas tecnolóxicas cunha estreita implicación nas actividades da plataforma audiovisual (VINDEIRA, eNEM, vNEM,...), así como de entidades ou empresas con interese na realización de actuacións puntuais.

Estes observadores poderán ser convidados ás reunións da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual Galega sobre asuntos do seu interese.

Esta presenza institucional na plataforma tecnolóxica é independente das reunións que por separado manteñan os representantes da mesma cos membros deste grupo para presentar os resultados da plataforma e promover a implantación da Axenda Estratéxica de Innovación.